



PREGUNTAS FRECUENTES

1. Como debo proceder para someterme á avaliación da acreditación de profesorado para as figuras de: PCD, PUP e PAD?

Unha vez aberta a convocatoria deberá cubrir e validar necesariamente en formato dixital a instancia e tódolos datos do seu CV a través da nosa aplicación informática.

2. Onde podo atopar o acceso á aplicación para a cubrir do meu CV?

Ten dúas formas de acceder á aplicación de acreditación dende a nosa páxina web: a través do menú de profesorado – acreditación previa á contratación, ou ben dende o link directo de "convocatorias abertas" da portada da páxina.

3. Que documentación debo presentar no rexistro?

Con independencia da opción elixida para a presentación da solicitude será imprescindible:

- Anexo I (solicitude) que xera a aplicación informática da ACSUG.
- Xustificante de pago das taxas que correspondan, en función do número de figuras solicitadas.
- Unha copia da documentación xustificativa dos méritos curriculares alegados en soporte dixital (CD-ROM)
- Autorización de consulta:
 - DNI. *
 - Título de doutor.*
 - No caso de que as persoas interesadas se opoñan a esta consulta, deberán aportar a documentación anterior.

* O solicitante poderá autorizar á ACSUG a consulta dos seus datos:

- I. No Sistema de verificación de datos de identidade, de conformidade co disposto no Decreto 255/2008, de 23 de outubro (DOG do 13 de novembro).
- II. No Ministerio de Educación, de conformidade co artigo 6.2.b) da Lei 11/2007, do 22 de xuño, de acceso electrónico dos cidadáns aos servizos públicos.

4. Canto custan as taxas?

Pola primeira figura contractual 50 euros.

Pola segunda e terceira figura contractual 25 euros por cada unha delas.

5. Como debo organizar a miña documentación acreditativa?

A forma máis sinxela, é organizar a documentación acreditativa en carpetas. As cales deberán ter o mesmo nome e orden cos grandes apartados nos que se divide o currículo da aplicación informática. O obxectivo é que o avaliador poida localizar de forma clara e rápida os xustificantes dos méritos a medida que os vai consultado e avaliando na aplicación.

6. Existen prazos concretos para a presentación dos documentos necesarios para ser avaliado?

Si. As datas e prazos de entrega de documentación virán determinados pola convocatoria, dado que non se trata de convocatorias abertas.

Non se poderá presentar documentación xustificativa de méritos fora do prazo da convocatoria, xa que estes non se terán en conta.

7. Como presento a miña solicitude?

Unha vez cuberta e validada a solicitude na aplicación da ACSUG, e realizado o pagamento da taxa correspondente, poderá presentarse destes dous xeitos:

a) Por vía electrónica a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia <https://sede.xunta.gal>. Para a presentación das solicitudes poderá empregarse calquera dos mecanismos de identificación e sinatura admitidos pola sede electrónica da Xunta de Galicia, incluído o sistema de usuario e clave Chave 365 (<https://sede.xunta.gal/chave365>).

En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información durante o proceso de obtención dos formularios na sede electrónica, poderá dirixirse ao teléfono de información 012.

b) De xeito presencial, impresa e debidamente asinada, en calquera dos lugares e rexistros relacionados no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

8. Canto tempo tardará a ACSUG en resolver a miña solicitude?

A ACSUG resolverá as solicitudes nun prazo máximo de cinco meses dende o peche do prazo da convocatoria.

9. Como podo recuperar a miña documentación que obra en poder da ACSUG?

Para poder recuperar a súa documentación deberá presentar un escrito onde solicite a devolución da súa documentación acreditativa (datos persoais, ano convocatoria e número de expediente). Ademais, deberá contactar coa ACSUG no teléfono 981 534173 solicitando unha data para a súa recollida.

10. Como debo cubrir e presentar un recurso contra una resolución negativa?

Os acordos adoptados pola CGIACA esgotan a vía administrativa polo que, de conformidade co disposto no artigo 123 da Lei 39/2015, poderán ser recorridos en reposición ante o mesmo órgano que os ditou ou ser impugnados directamente perante a xurisdición contencioso-administrativa, consonte ao disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Quen desexe interpoñer un recurso de reposición poderao facer desde a mesma aplicación informática na que formalizou a súa solicitude. Este recurso, unha vez cuberto telemáticamente, deberá imprimirse, asinarse e presentarse en calquera dos rexistros indicados no artigo 16.4 da Lei 39/2015.

11. Que supón a validación automática?

- A validación automática supón que o seu expediente xa non será sometido a avaliación e obterá tódalas figuras contractuais solicitadas. Esta premisa ben suxeita ós seguintes supostos:
- A aqueles que obtiveran a avaliación positiva, na ACSUG ou na ANECA, para a figura PCD.

- A aqueles que pertencen ó corpo de catedráticos de universidade, profesores titulares de universidade e aqueles que se atopan na situación administrativa e académica de estar acreditados para estes corpos.
- A aqueles que obtiveran avaliación positiva nas figuras contractuais (PCD, PAD, PUP, PCO) noutros órganos de avaliación e que poderán ser contratados polo SUG, sempre tendo en conta o que determinen: as leis do Estado, leis doutras Comunidades Autónomas ou de certos mecanismos de cooperación e recoñecemento mutuo.